

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ALTAIR GALIZA

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- 1.- A denominación da asociación é “Altair Galiza” e o seu ámbito de actuación abrangue toda Galiza con duración ilimitada. Esta asociación constitúese ao abeiro do artigo 22 da Constitución española e da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2.- Altair Galiza é unha entidade non gubernamental sen ánimo de lucro, independente e aconfesional. É unha asociación de iniciativa social comunitaria, de acción voluntaria, cultural, educativa, de tempos libres e natureza, e prestadora de servizos sociais á infancia e á xuventude. Altair Galiza non practica nin apoia ningún tipo de actividades sexistas, racistas, xenófobas ou intolerantes.

3.- Altair Galiza nace do pacto libre de persoas educadoras, nenas, nenos e adolescentes de entre 8 a 18 anos e as persoas responsábeis familiarmente destas .

4.- A asociación rexerese polos devanditos Estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicábel.

5.- A asociación Altair Galiza adire ao “Movimento Internacional Sócio-cultural e Educativo nos Tempos Livres Altair” e fai constar nos presentes Estatutos o seu compromiso cos “Principios, Valores e Bases Educativas” así como co “Método Pedagógico de Altair” os cales se recollen na súa Carta Constitucional.

Artigo 2º.- O domicilio principal e permanente da asociación radicará na Rúa do Homem Santo 29B – CP 15703 – Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 3º.- A asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Galiza.

Artigo 4º.- 1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade das asociadas expresada en Asemblea Nacional Extraordinaria ou polas

O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexerese segundo os principios contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.- 1.- Son fins principais da asociación:

- a) Promover a formación de Agrupamentos de Educación nos Tempos Libres Altair na Galiza.
- b) Potenciar o voluntariado xuvenil habilitando xoves maiores de idade como persoas educadoras en Equipas Educativas dos Agrupamentos Altair galegos.
- c) Articular un proxecto educativo para nenas e nenos de entre 8 e 17 anos e xoves, todas persoas voluntarias, afincado nos principios de defensa dunha educación integral, libre, participativa, activa, práctica, respectuosa, tolerante, innovadora, solidaria e fraterna.
- d) Educar para a paz e contra a violencia, para a resolución pacífica dos conflitos e dos problemas. Educar na defensa e protección do medio ambiente, traballando activamente para evitar a súa degradación. Educar para a saúde practicando actividade física, deportiva e lúdica en contacto coa natureza.
- e) Prestar servizos sociais e á sociedade, sustentando a acción de Altair Galiza no compromiso de servizo á comunidade.
- f) Defender a protección, práctica, promoción e acceso á cultura de cada comunidade como elemento fundamental da identidade, sempre que esas prácticas non atenten contra a dignidade e integridade dos seres vivos e o medio ambiente, defendendo o traballo e relacionamento interxeracional.
- g) Traballar polo fortalecemento da sociedade civil e por unha sociedade de cidadáns e cidadás, persoas socialmente comprometidas, conscientes e responsábeis.
- h) Crer na práctica da austeridade e no dereito dos pobos a crecer e decrecer segundo os casos, de maneira sustentábel e responsábel como forma de promover o ben estar social e o ben común.
- i) Practicar e promover a democracia participativa e a autoxestión individual e colectiva fronte á dependencia.
- j) Cumprir e comprometerse co contido da Carta Constitucional do “Movimento Internacional Sócio-cultural e Educativo nos Tempos Livres Altair”.

2.- Será responsabilidade do Consello Nacional e a Asemblea Nacional promover e levar a cabo un

O Secretario Xeral de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long vertical stroke.

Bruno Faustino Durán

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, featuring a prominent diagonal stroke and several smaller loops.

Andrés Ramos García



Programa de Actividades para desenvolver os fins da asociación.

3.- Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se podan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo salvo os derivados dos gastos de pagamento por servizos de docencia prestados nos cursos ou resto de actividades que se podan desenvolver desde a ETL Altair Galiza por parte de persoas físicas, que poden figurar tamén como asociadas, ou persoas xurídicas (autónomos, empresas, asociacións) coas que poda contar Altair Galiza para a externalización destes servizos ou o desenvolvemento destas actividades ou parte das mesmas.

4.- Para desenvolver os fins da asociación levaranse a cabo actividades polas que a asociación podería ter ingresos. Estes ingresos resultarían do pagamento do servizo prestado pola asociación aos participantes nas súas actividades. As actividades que a asociación podería levar a cabo para o desenvolvemento dos seus fins son:

- a) Campamentos, acampadas e marchas volantes.
- b) Actividades semanais nos locais e instalacións da asociación dirixidas polas persoas asociadas e destinadas a menores entre 7 e 17 anos.
- c) Cursos e outras actividades organizadas desde a escola de educacións nos tempo libres Altair Galiza, dependente da Asociación Altair Galiza.

CAPÍTULO II ASOCIADAS

Artigo 6º.- 1.- Son asociadas de Altair Galiza todas as persoas maiores de idade que fagan ou fixeran parte dalgúnha Equipa Educativa dalgún dos Agrupamentos de Altair recoñecido polo Consello Nacional provisoriamente ou pola Asemblea Nacional e os asinantes da Acta Fundacional da asociación. Tamén poderán participar nas actividades regulares da asociación, sen por iso figurar com o asociadas, todas aquelas persoas maiores de sete anos que cumpran as condicións previamente descritas e as persoas responsábeis dos participantes menores de idade.

2.- Altair Galiza contará cunha sección xuvenil da que farán parte as persoas asociadas de entre 18 e 29 anos; o funcionamento da mesma será desenvolvido por un regulamento interno específico.

3.- Altair Galiza acepta a colaboración de outras persoas ou entidades, nos termos definidos no seu Regulamento Interno.

O Secretario Xeral de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long vertical stroke.

Bruno Faustino Durán

Vº e prace:

O Presidente Nacional de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, featuring a prominent diagonal stroke and several smaller loops.

Andrés Ramos García



Artigo 7º.- 1.- A condición de asociada pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pago de 4 cotas.
- c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente aos intereses da asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia da persoa interesada.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada polo Consello Nacional, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Nacional e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 8º.- As asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Nacional, de acordo cos Estatutos.
- b) Ser informada da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, o seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) Ser ouvida con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela e ser informada dos feitos que dean lugar ás devanditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- d) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos Estatutos.

Artigo 9º.- Son obrigas das asociadas:

- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- b) Pagar as cotas que se establezan.
- c) Desempeñar os cargos para os que foron elexidas.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación
- e) Acatar o contido dos Estatutos
- f) Ter unha boa conduta individual e cívica.


O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



CAPÍTULO III

DOS AGRUPAMENTOS DE EDUCACIÓN NOS TEMPOS LIBRES PERTENCENTES A ALTAIR GALIZA

Artigo 10º.- 1.- A célula básica de funcionamento de Altair Galiza son os seus Agrupamentos de Educación nos Tempos Libres.

2.- Os Agrupamentos de Educación nos Tempos Libres ou Agrupamentos Educativos de Altair Galiza terán como denominación oficial e única un nome (escollido pola Equipa Educativa fundadora e referendado polo Consello Nacional de Altair Galiza, seguido de “-Altair”.

3.- Os Agrupamentos Educativos estarán formados por:

a) Unha Equipa Educativa formada por persoas enteiramente voluntarias maiores de idade con condición de asociadas.

b) Usuarios/as ou destinatarios/as dos servizos da asociación (beneficiarios das actividades para cumprimento das finalidades da asociación):

b.1) As nenas, nenos e adolescentes membros do Agrupamento que non computarán como asociados sen prexuízo de que a asociación poda desenvolver as súas actividades con eles para a consecución das finalidades da asociación e con condición de destinatarios ou usuarios dos servizos prestados pola asociación.

b.2) Unha Asemblea de Familias formada polas persoas directa e legalmente responsábeis das referidas nenas e nenos e adolescentes. Os referentes familiares, que tampouco terán condición de asociados, terán tamén consideración de destinatarios ou usuarios dos servizos prestados pola asociación.

4.- Os Agrupamentos de Altair Galiza non teñen personalidade xurídica, sendo a súa a de Altair Galiza. Calquera excepción debe ser aprobada pola Asemblea Nacional de Altair Galiza e, provisoriamente, polo Consello Nacional.

5.- De cara ao desenvolvemento das actividades destinadas a nenas, nenos e adolescentes, estes serán distribuídos por Grupos de Idade no Agrupamento Educativo. En todo caso non terán condición de asociados/as sendo a súa consideración a de usuarios/as dos servizos prestados pola asociación. A distribución e denominación dos Grupos de Idade será a seguinte:

O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



- a) Pícaras/os: de 8 a 9 anos
- b) Insurras: de 10 a 11 anos
- c) Aventureiras/os: de 12 a 13 anos
- d) Pioneiras/os: de 14 a 15 anos
- e) Argonautas: de 16 s 17 anos.

6.- A Equipa Educativa decidirá, en cada caso, a adscrición das persoas aos Grupos de Idade tendo en conta o ano académico natural. Ningunha Equipa Educativa poderá variar, salvo nas formas previstas na Carta Constitucional, a presente denominación e distribución.

7.- Aos efectos das decisións, orientacións e representatividade do Agrupamento, estas corresponden exclusivamente á Equipa Educativa en xeral e á persoa coordinadora do Agrupamento en particular.

8.- Cada Equipa Educativa, alén das responsabilidades que considerar oportunas, debe escoller unha persoa membro da mesma como coordinadora, que ostentará a representación desta e do Agrupamento.

9.- A Asemblea de Familias poderá elixir unha Comisión de Familias, con entre 3 e 6 membros, e ter unha persoa coordinadora e interlocutora coa coordinación do Agrupamento. Corresponde á coordinación do Agrupamento a convocatoria destas entidades, cuxas funcións son informativas, de apoio e recomendación ao Agrupamento, en caso ning ún deliberativas, decisorias e vinculantes para este tendo en conta que as persoas pentencentes a esta asemblea non teñen condición de asociadas, sendo a súa a de usuarios/as do servizo prestado pola asociación, por non reunir os requisitos establecidos no artigo 6º.

CAPÍTULO IV DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- A dirección e administración da asociación serán exercidas pola Presidencia Nacional, o Consello Nacional e a Asemblea Nacional.

Artigo 12º.- 1.- A Presidencia Nacional da asociación será designada pola Asemblea Nacional e o *O Secretario Xeral de Altair Galiza*

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán



Andrés Ramos García



seu mandato durará 1 ano. Será asistido nas súas funcións pola Vicepresidencia Nacional, se a houber, que a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.- A Presidencia Nacional terá as seguintes atribucións:

- a) Representar a asociación perante calquer organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre o Consello Nacional; presidir as sesións da Xunta Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executar os acordos adoptados polo Consello Nacional e a Asemblea Nacional.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asignar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa Secretaría Xeral ou membro do Consello Nacional a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13º.- 1.- O Consello Nacional estará formado por un mínimo de 4 persoas membros e un máximo de 6, distribuíndose entre elas, necesariamente, as seguintes responsabilidades: Presidencia Nacional, Secretaría Xeral, Responsábel de Recursos, Coordinación Pedagóxica, Dirección da Escola de Tempos libres (se a houber) e Responsábel de Promoción. Poderá haber vogais ou outras responsabilidades.

2.- Os cargos do Consello Nacional serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificados en que podan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elexidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.- A Asemblea Nacional será a competente para elixir os cargos do Consello Nacional. A duración da responsabilidade asignada será de 3 anos con carácter xeral, agás os nomeamentos que a Presidencia Nacional realice no transcurso do seu mandato, que unha vez aprobados pola Asemblea Nacional prolongaranse ata extinguir os 3 anos dende a constitución do Consello Nacional do que forma parte, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.


O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e prace:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



d)Acordo de cesamento de todo o Consello Nacional adoptado por 2/3 das persoas asociadas reunidas en Asemblea Nacional Extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor. As vacantes que se puideren producir durante o mandato de calquera dos membros do Consello Nacional, serán cubertas provisoriamente entre os devanditos membros até a elección definitiva pola Asemblea Nacional. En calquera caso, o Consello Nacional debe estar integrada como mínimo por 4 persoas, que exercerán as funcións de Presidenta/e Nacional, Secretaria/o Xeral, Coordinador/a Pedagóxico /a e Responsábel de Recursos, Responsábel de Promoción e Director/a da Escola de Tempos Libres (se a houber).

Artigo 14º.- O Consello Nacional terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas.
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Someter á aprobación da Asemblea Nacional o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d) Convocar e fixar a data da Asemblea Nacional.
- e) Propor á Asemblea Nacional a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- f) Designar as Comisións de Traballo ou sesións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- g) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Nacional.
- h) Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
- i) Propór o Plano de Actividades da asociación á Asemblea Nacional para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- j) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
- k) Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

Artigo 15º.- 1.- O Consello Nacional será convocado pola Presidencia Nacional, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2.- Para que os acordos do Consello Nacional sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de


O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, da Presidencia Nacional ou Vicepresidencia Nacional, se a houber, e a Secretaria Xeral ou persoa que a substitúa. A Secretaría Xeral ou, no seu defecto, quen o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao Libro de Actas.

Artigo 16º.- Os membros do Consello Nacional presidirán as Comisións que o propio Consello Nacional acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Farán parte das devanditas Comisións o número de asociadas/os que acorde o Consello Nacional, por proposta das súas respectivas Presidencias.

Artigo 17º.- A Asemblea Nacional é o máximo órgano de goberno de Altair Galiza, estará formada polas persoas asinantes da Acta Fundacional e por todas as persoas membros das Equipas Educativas dos Agrupamentos pertencentes a Altair Galiza que figuren como socias coas cotas ao día. A Presidencia Nacional e a Secretaría Xeral da Asemblea Nacional serán a Presidencia Nacional e a Secretaría Xeral do Consello Nacional

Artigo 18º.- A Asemblea Nacional reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde o Consello Nacional, ou cando o soliciten o 10% dos membros da Asemblea Nacional. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á Presidencia Nacional, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orden do día.

Artigo 19º.- A Asemblea Nacional Ordinaria reunirase necesariamente no período que vai desde o mes de Setembro até o mes de Decembro. A Asemblea Nacional Ordinaria será convocada con 15 días de antecedencia pola Presidencia Nacional de Altair Galiza e a Asemblea Nacional Extraordinaria será convocada, do mesmo modo, pola Presidencia Nacional de Altair Galiza mais, neste caso, con 7 días de antecedencia. A notificación para as Xuntas Xerais Ordinarias e Extraordinarias farase utilizando os medios habituais de comunicación (de preferencia, correo postal e correo electrónico).

Artigo 20º.- Serán competencias da Asemblea Nacional Ordinaria:

O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



- a) Aprobar o Plano de Actividades Anual.
- b) Examinar e aprobar as contas e balanços do exercicio anterior.
- c) Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- d) Exame e aprobación das cotas.

Artigo 21º.- Serán competencias da Asemblea Nacional Extraordinaria:

- a) Modificar os Estatutos da asociación.
- b) Elixir e cesar os integrantes do Consello Nacional.
- c) Aprobar a federación con outras asociacións.
- d) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- e) Acordar a disolución da asociación.
- f) Designar as persoas liquidadoras.
- g) Ratificar a expulsión de persoas asociadas a proposta do Consello Nacional.
- e) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- f) Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da asociación.
- g) As que sendo de competencia da Asemblea Nacional Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non podan aguardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
- h) Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Nacional Ordinaria ou ao Consello Nacional.

Artigo 22º. - A Asemblea Nacional ficará validamente constituída sempre que asistan a metade máis un dos seus membros na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza da Presidencia Nacional ou Vicepresidencia Nacional, se a houber, e a Secretaría Xeral ou persoa que a substitúa.

Artigo 23º. - As sesións dos órganos de goberno e administración das asociacións, tanto as do Consello Nacional como as das Asemblea Nacional Ordinaria e Asemblea Nacional Extraordinaria poderán celebrarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros do órgano dipoñan dos medios necesarios, e a Secretaría Xeral do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato aos enderezos de correo electrónico de cada un dos concurrentes.

O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e praxe:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



Artigo 24º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados do 1 ao 7 do artigo 22º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao Libro de Actas e asinarao a Presidencia Nacional e a Secretaría Xeral da Asemblea Nacional. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Nacional e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Artigo 25º.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso ás non asistentes. As sesións abranse cuando así o determine a Presidencia Nacional. Seguidamente procederase por parte da Secretaría Xeral á lectura da Acta da Asemblea Nacional anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente, a Secretaría Xeral procederá a presentar a Orde do Día. Cada punto será informado polo membro do Consello Nacional que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 26º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos ante a asemblea xeral, sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 27º.- 1.- A Secretaría Xeral recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o Ficheiro e o Libro de Rexistro de Persoas Asociadas e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace da Presidencia Nacional. A Secretaría Xeral tamén levará o Inventario dos Bens da Asociación nun libro establecido para este efecto.

2.- Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da Secretaria Xeral, a Presidencia Nacional nomeará entre os membros unha persoa que desenvolva esta función.

Artigo 28º.- 1.- A/o Responsábel de Recursos recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a Presidencia Nacional, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balanzos.


O Secretario Xeral de Altair Galiza



Bruno Faustino Durán

Vº e prace:

O Presidente Nacional de Altair Galiza



Andrés Ramos García



2.- A/o Responsabel de Recursos ten a obriga de proceder ao feche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro e sempre nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Nacional Ordinaria co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación.

Artigo 29º.- Os vogais terán as seguintes atribucións:

- a) Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- b) Desempeñar os traballos que lle encomende o Consello Nacional.

CAPÍTULO V

DO CONSELLO DE COORDENADORAS DE AGRUPAMENTOS DE EDUCACIÓN NOS TEMPOS LIBRES

Artigo 30º.- Nas súas funcións, O Consello Nacional será asistido polo Consello de Coordinadoras de Agrupamentos de Educación nos Tempos Libres pertencentes a Altair Galiza, que se reunirá, ordinariamente, ao menos dúas veces ao ano e que ten como función o debate e asesoramento. Este Consello de Coordinadoras de Agrupamentos Educativos poderá reunirse por convocatoria da Presidencia Nacional ou por proposta dun terzo dos seus membros.

CAPÍTULO VI

REXIME ECONÓMICO

Artigo 31º.- A asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispón de patrimonio. O feche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 32º.- A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O rascuño de orzamento será elaborado pola persoa Responsábel de Recursos da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Nacional Ordinaria.

Artigo 33º.- A asociación manterase dos seguintes recursos:

O Secretario Xeral de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Bruno Faustino Durán".

Bruno Faustino Durán

Vº e prace:

O Presidente Nacional de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Andrés Ramos García".

Andrés Ramos García



- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña o Consello Nacional e sean aprobadas pola Asemblea Nacional.
- c) As doazóns ou subvencións que podan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se podan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 34º.- A Asemblea Nacional Ordinaria, a proposta do Consello Nacional, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrábeis en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 35º.- Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Nacional Ordinaria, que as deberá aprobar ou censurar.

Artigo 36º.- Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta da Presidencia Nacional e a/o Responsábel de Recursos exceto resolución en contrario da Asemblea ou do Consello Nacional, que poderán autorizar outras persoas titulares para a disposición de determinadas contas en función das necesidades organizativas (da Escola de Tempos Libres dependente da Altair Galiza, dos Agrupamentos territoriais que integran a Asociación ou doutras circunstancias que así o demandaren). Todas as contas deben estar sometidas á aprobación anual da Asemblea conforme o artigo 21 dos presentes Estatutos.

Artigo 37º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre as persoas asociadas os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO VII DO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO

O Secretario Xeral de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Bruno Faustino Durán".

Bruno Faustino Durán

Vº e prace:

O Presidente Nacional de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Andrés Ramos García".

Andrés Ramos García



Artigo 38º.- O Regulamento de Rexime Interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes Estatutos, como o procedemento de eleición dos membros do Consello Nacional e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo o caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VIII MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 39º.- Os devanditos Estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Nacional Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes das persoas asociadas. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 40º.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo das persoas asociadss adoptado polas 2/3 partes das asistentes á Asemblea Nacional Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 41º.- Acordada a disolución, a Asemblea Nacional Extraordinaria designará tres persoas asociadas liquidadoras, que xunto á Presidencia Nacional e a persoa Responsábel de Recursos procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 42º.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación. O xustificante da doación será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Don Bruno Faustino Durán, Secretario Xeral da asociación Altair Galiza, entidade á que se refiren os presentes Estatutos, CERTIFICA que estes Estatutos foron redactados incluíndo as modificacións aprobadas na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 12 de setembro de 2021, dacordo co procedemento establecido estatutariamente.

En Alovera/Santiago de Compostela, o día 12 de setembro de 2021.


O Secretario Xeral de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, appearing to be "Bruno Faustino Durán".

Bruno Faustino Durán

Vº e prace:

O Presidente Nacional de Altair Galiza

A handwritten signature in blue ink, appearing to be "Andrés Ramos García".

Andrés Ramos García

